

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que o Pleno do Concello de Ames, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2019 adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

Punto Sétimo.- Autorización compatibilidade para exercicio de actividade privada de Pilar Martínez Jiménez.

Expediente 2019/X999/000075

Figura no expediente informe favorable da Secretaría Municipal.

(.....)

Rematadas as intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro: *Autorizar a Pilar Martínez Jiménez, mestra de música na Escola de Música Municipal do Concello de Ames, a compatibilidade coa actividade privada de intérprete musical, fora dos horarios nos que presta servizos nesta administración.*

Segundo: *Dita compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo e horario da interesada, nin o atraso, negligencia ou descoido no desempeño do mesmo e quedará automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público. As correspondentes faltas serán cualificadas e sancionadas conforme ás normas que se conteñan no réxime disciplinario aplicable, quedando automaticamente revocada a autorización ou recoñecemento de compatibilidade si na resolución correspondente se cualifica de falta grave ou moi grave.*

Terceiro: *Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.*

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 31 de xullo de 2019, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e Praxe
O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo

C.I.F.: P - 1500200 - I